



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Estatuto xurídico do persoal ao servizo da Administración de xustiza

CONVOCATORIA: Convocatoria de xustiza

GRUPO: Cursos Xustiza

ÁREA: Itinerarios formativos

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	XUSTIZA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/03/2022 - 08:00h ao 15/03/2022 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso ten como obxectivo, en primeiro lugar, formar ao/á funcionario/a ao servizo da administración de xustiza nas cuestións xerais que regula o Libro VI da Lei orgánica do poder xudicial referentes ao seu estatuto xurídico: competencias do Estado e das comunidades autónomas na materia, os distintos sistemas de ingreso, funcións dos distintos corpos, dereitos e deberes; vacacións, permisos e licenzas, as situacións administrativas, a provisión dos distintos postos e o réxime disciplinario.

En segundo lugar, preténdese centrar a formación na aplicación práctica dalgunhas destas cuestións nos/as funcionarios/as ao servizo da administración de xustiza en Galicia, co análise da normativa autonómica da Xunta de Galicia en desenvolvemento das súas competencias: o horario e as súas incidencias, a petición telemática e tramitación das vacacións, permisos e licenzas.

DESTINATARIOS

Empregados/as público/as e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

- Os corpos xerais no Libro VI da Lei orgánica do poder xudicial: definición, dependencia e funcións. Dereitos e deberes dos/as funcionarios/as ao servizo da administración de xustiza.
- Os sistemas de ingreso. O proceso selectivo: a quenda libre e a promoción interna. O seu desenvolvemento regulamentario.
- As situacións administrativas: servizo activo, servizos especiais, os distintos tipos de excedencias e a suspensión. A provisión de postos: os distintos tipos de concursos, a libre designación; a provisión temporal: as substitucións. Normativa estatal e autonómica na materia.
- O réxime disciplinario: faltas, sancións e tramitación do expediente disciplinario.
- Vacacións, permisos e licenzas. Normativa estatal e autonómica na materia. A solicitude e tramitación telemática en Galicia: OPAX.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

T01
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN
INICIO / FIN: 19/05/2022 a 13/06/2022
NUM. PRAZAS: 50
ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)
DATA EXAME: 16/06/2022 ás 17:30h
DOCENTES NOMEADOS
CESAR ANTONIO DOMINGUEZ NOCELO
LUGAR DE REALIZACIÓN
Exame en liña